

EXPEDIENTE:	INCLUSIÓN DA RÚA DOUTOR MACEIRA NA ZONA 9 DE RESIDENTES SANTA MARTA
PROCEDEMENTO:	Aprobación da inclusión da rúa Doutor Maceira, na zona 9 de residentes Santa Marta

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 17 de xaneiro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación da inclusión da rúa Doutor Maceira, na zona 9 de residentes Santa Marta

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

O técnico municipal deste Servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 12 de xaneiro de 2022 emite informe, no que se pon de manifesto que á vista das demandas chegadas o Servizo, por parte de particulares e de distintas comunidades de propietarios, nos que se traslada a esta administración as dificultades de aparcamento que están a padecer os veciños da rúa Doutor Maceira, pola proximidade do IES Eduardo Pondal, do CEFP Politécnico e tamén pola proximidade da zona comercial e residencial do Ensanche, destas reivindicacións tamén se fai eco a Asociación de Veciños “Conxo Aberto” e a necesidade urxente dunha solución á problemática veciñal.

Na actualidade a rúa Doutor Maceira está dividida en dous tramos pola Avda. de Ferrol e a Avda. García Prieto. A parte superior da rúa, comprendida entre a Avda. de Ferrol e a Avda. Rosalía de Castro, non conta con ningún regulación do estacionamento.

Polo que, atendendo a estas xustificadas demandas, o técnico propón que se leven a cabo as seguinte ordenación do aparcamento na dita rúa Doutor Maceira:

- Reservar o primeiro tramo da rúa, que na actualidade está en no réxime xeral da ORA, ós residentes empadroados na mesma, en horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas, Polo que estas prazas serán azuis de ORA e verdes de residentes.
- Do mesmo xeito, as prazas existentes entre os bloques de vivendas do tramo máis alto da rúa se reservarán só para residentes, en horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas, quedando libre o aparcamento o resto do día, polo que a zona será branca de día e verde para residentes de noite.

Tendo en conta o anterior, e dado que non existe unha zona formalizada de Residentes en Conxo, estas prazas estarán vencelladas á zona 9 de Residentes de Santa Marta.

CONSIDERACIÓNS

A disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo de Aparcamento e Aparcamento de Residentes dispón que: a

Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Mobilidade, poderá:

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, o ben para tódalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas; ase como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Aprobar a inclusión da rúa Doutor Maceira na zona 9 de Residentes de Santa Marta, para que os veciños residente nesta rúa, que cumpran as condicións e requisitos esixibles pola Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo de Aparcamento e Aparcamento de Residentes, poidan dispoñer dun distintivo de aparcamento que lles permita aparcar na zona verde destinada a residentes e que se configurará, segunda proposta que se recolle no informe di técnico de data 12 de xaneiro de 2022 do Servizo de Mobilidade e Seguridade.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a inclusión da rúa Doutor Maceira na zona 9 de Residentes de Santa Marta, para que os veciños residente nesta rúa, que cumpran as condicións e requisitos esixibles pola Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo de Aparcamento e Aparcamento de Residentes, poidan dispoñer dun distintivo de aparcamento que lles permita aparcar na zona verde destinada a residentes e que se configurará, segunda proposta que se recolle no informe di técnico de data 12 de xaneiro de 2022 do Servizo de Mobilidade e Seguridade.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello.